



Sindicato de
Trabaxadores da
Administración de
Xustiza

Sindicato independente e específico
E DE XUSTIZA

Contacta connosco:

Provincia A Coruña: (Paco): móbil **609.292.438** Local sindical 881881672
Provincia Pontevedra: (José): **600.482.787** / (Kike) **605.128.068**, Local sindical **886218416**
Provincia de Lugo: (José Luis): móbil **649778142**
Provincia de Ourense: (Javier): móbil **649.978.288**

Galicia

correo electrónico: staigalicia@gmail.com //

Blogue: <http://staigalicia.blogspot.com/>

SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO - OURENSE

Documento presentado al amparo de lo dispuesto en el Art. 38.4 b/ de la Ley 30/1992

FECHA: **25 MAY 2016**

HORA:

Francisco Javier Pacios Viso, delegado sindical e representante do sindicato de trabaxadores da Administración de Xustiza,(STAJ), na provincia de Ourense, Expón:

Remitando escrito en data catro de abril de dous mil dezaseis, e ata o día de hoxe sen obter resposta algunha, e non constándonos que a Dirección Xeral de Xustiza, ditase ningunha instrución ou resolución, nin dispuxese medida algunha sobre a petición deste sindicato, en canto ao nomeamento de interinos ocupando postos de traballo cuxos titulares se atopan ausentes en períodos de longa duración, como son as prazas vacantes de distintos liberados sindicais, os cales tomaron posesión dos seus postos e despois ditas prazas seguiron sendo cubertas polos mesmos interinos, dado que segundo o estipulado no artigo 21 punto 1 da orde do 28 de novembro de dous mil trece sobre selección e nomeamento de interinos, a cal di textualmente:

“Os interinos nomeados ao amparo do disposto no artigo 18 desta orde cesarán cando sexa cuberta por un funcionario titular a praza desempeñada por un interino, por finalización das necesidades do servizo ou rendemento do interino, de conformidade co previsto no artigo 22 desta orde.

También cesarán cando cambie a situación xurídica do titular dun posto desempeñado por un interino e proceda a cobertura do devandito posto por substitución vertical entre titulares, **que se considerará preferente**”.

Tamén deberíamos de atender ao estipulado nos artigos 17 e 18 da orde antes mencionada:

Artigo 17.- Só se poderá proceder ao nomeamento de persoal interino por algunhas das causas que se sinalan nos artigos 18 e 19 desta orde.

2.- **En todo caso**, o nomeamento de persoal interino terá un carácter excepcional e subsidiario, ao cal se poderá recorrer cando non exista outra medida máis efectiva para paliar as consecuencias de situacións de longa duración de funcionarios titulares ou cando haxa necesidades de nomear reforzos.

Segundo a resolución da Dirección xeral de Xustiza do 7 de maio de 2008, pola que se regulan as substitucións entre funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza, en canto a vacantes, ou cuxos titulares se atopan ausentes en períodos de longa duración



Sindicato de
Trabaxadores da
Administración de
Xustiza

Sindicato independente e específico
E DE XUSTIZA

Contacta connosco:

Provincia A Coruña: (Paco): móbil 609.292.438 Local sindical 881881672
Provincia Pontevedra: (José): 600.482.787 / (Kike) 605.128.068, Local sindical 886218416
Provincia de Lugo: (José Luis): móbil 649778142
Provincia de Ourense: (Javier): móbil 649.978.259

Galicia

correo electrónico: stajgalicia@gmail.com //

Blogue: <http://stajgalicia.blogspot.com/>

deben en todo caso ser cubertas por este sistema de substitucións, tanto verticais como horizontais, antes de nomear persoal das distintas bolsas de interinos.

A Dirección Xeral de Xustiza, non procedeu conforme á normativa vixente, e mantivo nos seus postos aos funcionarios interinos, a pesar de que os seus titulares tomaron posesión das devanditas prazas, e tendo en conta a peculiaridade que ten a cidade de Ourense, onde hai máis de douscentos funcionarios da Administración de Xustiza que viaxan a outros destinos todos os días, **SOLICITAMOS:**

Que o máis axiña posible se proceda a rectificar os nomeamentos dos interinos que están a ocupar prazas de funcionarios ausentes por distintos motivos e os cales claramente serán de moi longa duración, os dos funcionarios de carreira en situación de liberación sindical, (Xulgado do Social catro, e Instrución Nº 3, do corpo de Tramitación Procesual e Administrativa e Penal dous, de Auxilio Xudicial), así como todos os demais que constan serán de longa duración, en especial aos que facemos referencia no noso anterior escrito de data 04 de abril de 2016, os cales deberán de ser ofertadas a funcionarios de carreira por substitución tanto vertical, como horizontal.

Ourense 25 de maio de dous mil dezaseis.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
C/ MADRID 2-4, 2ª PLANTA
SANTIAGO DE COMPOSTELA